



CIRCULAR Nº: 6 /2016	DATA: 20 de xuño de 2016
ÓRGANO EMISOR: SECRETARÍA XERAL EMPREGO	
ASUNTO: Instrucións relativas ás subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais	

A Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de decembro de 2015 (DOG nº 248, do 30 de decembro de 2015), establece as bases que rexen a convocatoria para o exercicio de 2016, das axudas e subvencións para accións de fomento do emprego por parte das entidades locais.

Á vista desta regulación, coa fin de unificar os criterios interpretativos e concretar a forma de dar cumprimento ás obrigas das entidades beneficiarias, e en definitiva, de facilitar e axilizar a tramitación administrativa por parte das diferentes instancias intervinentes no procedemento e as propias entidades locais, así como de obter unha información precisa e uniforme do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA), no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira da antedita orde, dítanse as seguintes

#### INSTRUCCIÓNS:

##### Primeira.- Duración dos contratos e datas de referencia

1. A duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos non poderá superar os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por cento, a duración máxima poderá extenderse ata os seis meses.

2. Nas resolucións de concesións deberán constar, claramente, os seguintes extremos:

- a) Data de inicio dos servizos: entendida esta como data tope, é dicir o último día hábil para contratar os traballadores concedidos.
- b) Data de remisión da documentación para o pagamento (art.15º): entendida igualmente como data tope, é dicir, o último día hábil para remitir a documentación esixida no devandito artigo.

##### Segunda.- declaración de inadmisibilidade.

1. En cumprimento do disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro e no artigo 7.3 da orde, se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento á entidade solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles,



emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida a súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42º da citada lei.

2. Transcorrido o devandito prazo sen que se emendara a falta ou se achegara a documentación preceptiva, e con carácter previo á Comisión de Valoración, procederase a resolver o desistimento dos correspondentes expedientes.

3. No caso de solicitudes que tiveran entrada no rexistro da sede electrónica da Xunta de Galicia despois de rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 6 da orde de convocatoria, deberá declararse a súa inadmisibilidade conforme ao modelo que se establece como anexo VI.

#### **Terceira.- Comunicación das subvencións concedidas.**

Os servizos de emprego e economía social das xefaturas territoriais informarán a cada oficina de emprego de todas as subvencións concedidas para a contratación de persoas traballadoras desempregadas nas que, por razón do seu ámbito territorial, deban intervir no seu proceso de selección. A información se subministrará no modelo orientativo que figura como anexo I ás presentes instrucións.

#### **Cuarta.- Contratación das persoas traballadoras desempregadas.**

1. Para a contratación das persoas desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social utilizarase necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, Anexo IV, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2016, nos termos expresados na resolución de concesión.

2. A comunicación da contratación á oficina de emprego correspondente, farase necesariamente a través do aplicativo CONTRAT@, agás no caso de entidades de menos de 5 traballadores, que poderán facelo a través deste aplicativo ou ben por escrito. En caso de que se utilice o aplicativo CONTRAT@, deberá cuidarse de que se dea cumprimento ao establecido no punto anterior. En todo caso, as contratacións que incumpran calquera destes requisitos, non se entenderán xustificadas e non poderán ser subvencionadas.

3. De conformidade co disposto no artigo 12.6º poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal, segundo o modelo que se achega como Anexo V, previa solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da respectiva xefatura territorial.

#### **Quinta.- Regras para a contratación anticipada**

1. De acordo co establecido no artigo 14º da orde de convocatoria, as respectivas xefaturas territoriais, poderán autorizar, previa solicitude das entidades solicitantes, a contratación anticipada para proxectos de urxente posta en marcha, no modelo que xunta como anexo II.



2. Unha vez concedidas as autorizacións, a xefatura territorial deberá remitir a esta secretaría xeral de emprego unha copia de cada unha delas, así como unha relación do total das autorizacións concedidas en formato excel no modelo que se achega como Anexo III.

3. Os expedientes con autorizacións de contratacións anticipadas deberán respectar, en todo caso, os requisitos para a selección e contratación establecidos nos artigos 12º e 13º da orde, e se xustificarán e pagarán xunto co resto dos contratos de acordo co artigo 15º.

#### **Sexta.- Baixas, suspensións e substitucións**

1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar a outra persoa en substitución de aquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

2. No suposto de baixas temporais por maternidade ou por outras causas que se prevea que sexan de larga duración superior a 30 días, a substitución so será posible previa autorización expresa da xefatura territorial correspondente a solicitude fundamentada da entidade contratante.

3. A nova contratación deberá cumprir os requisitos esixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas e deberá ser notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación. Na notificación a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos:

- Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída (orixinal ou copia compulsada ou cotexada).
- Parte de alta na Seguridade Social e contrato de traballo no modelo de emprego de interese social da persoa substituta (orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas).
- Orixinal do certificado de selección da persoa substituta, no modelo publicado na web institucional da Xunta de Galicia, agás que se trate dunha candidata que quedara en lista de espera na primeira selección e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.
- Orixinal do documento de información da subvención, no que conste o recibín da persoa traballadora.

3. Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo previa solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, salvo que se trate de persoas candidatas remitidas polo mesmo na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego inscrita e desempregada no momento da súa contratación.

4. De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo fose inferior ao o período de



tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, procederase á redución da subvención concedida polo importe correspondente. En ningún caso poderase producir un incremento da subvención concedida, debendo facerse cargo a entidade beneficiaria dos sobrecostos que estas substitucións leven consigo.

### Sétima.- Pagamento

1. O pagamento da subvención efectuarase previa xustificación e acreditación do cumprimento das condicións sinaladas na resolución de concesión da subvención. Para iso, no prazo establecido na resolución de concesión, debera presentarse a seguinte documentación esixida polo artigo 15º da Orde, nos modelos que, se é o caso, se establecen como anexos a esta circular, estando publicados na web institucional da Xunta de Galicia:

- a) Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos contratos de traballo, na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego.
- b) Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos partes de alta na Seguridade Social xunto co 'Informe de Datos de Cotización (IDC).
- c) Un certificado do secretario ou secretaria ou órgano competente da entidade local beneficiaria, no que conste:
  - A formulación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador desta e a relación nominal dos traballadores e traballadoras desempregados/as facilitados/as por aquel, así como as persoas candidatas finalmente seleccionadas e contratadas.
  - As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social.
- d) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes e de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- e) Unha fotografía do cartel informativo no que se reflecta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 17º. 1. a).
- f) Orixinais dos documentos de información ás persoas traballadoras da subvención, debidamente asinados.

2. Unha vez recibidos os fondos a entidade beneficiaria deberá remitir ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial unha certificación acreditativa da súa recepción. Para estes efectos deberá presentar:

- O certificado de recepción de fondos, de acordo co modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.
- Extracto bancario (orixinal ou copia compulsada ou cotexada) xustificativo do ingreso do importe da subvención concedida.



#### **Oitava.- Difusión**

1. No lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola Secretaría Xeral de Emprego na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: <http://traballo.xunta.es/carteis-informativos-programas-de-cooperacion>, no cal constará a cofinanciamento polos Servizos Públicos de Emprego.
2. As entidades beneficiarias informarán ás persoas desempregadas no momento da súa contratación, que a contratación temporal formalizada é subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
3. O persoal contratado deberá portar, cando estea realizando a actividade obxecto da subvención, cartóns identificativos, nas que conste a colaboración da consellería. As entidades beneficiarias das axudas deberán proporcionar ao persoal contratado estes cartóns de acordo co modelo establecido pola Secretaría Xeral de Emprego e que se publica na web institucional da Xunta de Galicia (<http://traballo.xunta.es/carteis-informativos-programas-de-cooperacion>).
4. Cando o normal desenvolvemento da prestación dos servizos ou a execución das correspondentes obras esixa a utilización de roupa de traballo específica, esta será identificada de conformidade cos modelos que se publican na web institucional da Xunta de Galicia (<http://traballo.xunta.es/carteis-informativos-programas-de-cooperacion>). No peitoral de devandita roupa, poderá figurar o nome ou o escudo da entidade local contratante.

#### **Novena.- Visitas in situ**

1. Dentro das actuacións de seguimento e control, incluíranse necesariamente visitas sobre o terreo para comprobar in situ a realidade da prestación dos proxectos subvencionados.
2. Ditas visitas realizaranse sobre unha mostraxe e/ou segundo criterios baseados no risco, é dicir, abarcando ás operacións de gran importe, ás operacións nas que previamente se detectaron problemas ou irregularidades ou nas que, con ocasión doutros controis, puxéronse de manifesto operacións concretas que sexan en aparencia anómalas e requiran un exame máis detallado.

#### **Décima.- Regras para o cálculo das bases de cotización.**

O artigo 109.2 da Lei xeral da seguridade social (LXSS) enumera os conceptos que se deben excluír do cómputo para o cálculo da base de cotización. Sen embargo, o artigo 23.2 do RD 2064/1995 que aproba o regulamento xeral sobre cotización que desenvolve neste aspecto a LXSS, prevé que os excesos sobre os límites sinalados polas normas, sí deberán incluírse na base de cotización á Seguridade Social.

Polo tanto, para calcular a contía da subvención a aboar con cargo aos Programas de Cooperación, estes excesos deberán incluírse na base de cotización, sempre e cando, ditos pluses veñan fixados polos convenios colectivos de aplicación.



### Decimoprimeira.- Mecanización de datos no SXPA

A correcta mecanización dos expedientes é un elemento fundamental para que a información que aporte o SXPA sexa o máis fiable posible e para que os datos que se faciliten desde os servizos centrais destes programas sexan correctos. Nese obxectivo é preciso ditar as seguintes regras de mecanización:

a).- **Introdución de datos:** DATA DA COMISIÓN: Mecanizárase de xeito OBRIGATORIO, a data na que tivo lugar a Comisión de Valoración.

b).- **Identificación dos traballadores contratados:** Os DNI dos persoas contratadas rexistráranse **SEN PUNTOS E COA LETRA AO FINAL** de acordo co seguinte exemplo:

44333222B

X5555555L (estranxeiros)

Tendo en conta a importancia desta pantalla para realización de informes e xustificacións de fondos, debe realizarse a súa mecanización de xeito inmediato desde a recepción dos contratos na respectiva xefatura territorial.

### Decimosegunda.- Comunicación e notificación

O contido das presentes instrucións deberá comunicarse e notificarse, naqueles aspectos que lles sexan directamente aplicables por establecer a forma de cumprir con determinadas obrigas impostas ás entidades locais beneficiarias das axudas previstas nas mesmas.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

A secretaria xeral de Emprego



Covadonga Toca Carús





## ANEXO II

\_LDnombcomp  
\_LDdireccion  
\_LDcodpost \_LDlocalidad  
\_LDprovincia

**Nº EXPEDIENTE : \_LDexpedcomp**

Vista a solicitude presentada o \_LDentrada por \_LDrepresent, en nome e representación da entidade \_LDnombcomp (C.I.F. num. \_LDcif), coa finalidade de solicitar a contratación anticipada dos/as traballadores/as de acordo co establecido no artigo 14º da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, o xefe/a da xefatura territorial

### AUTORIZA

A contratación anticipada dos seguintes traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “\_LDobxecto”:

Nº trab.	Ocupación	G.C

Esta autorización terá efectos a partir do día seguinte da súa recepción tendo en conta que o proceso de selección e contratación dos desempregados e desempregadas baixo esta modalidade deberá respectar, **en todo caso**, o establecido nos artigos 12º e 13º da orde e que as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas á vista da mesma.

\_LDlugar e data

**A/O XEFA/O TERRITORIAL**

\_LDfirma







**ANEXO IV**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



**CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL**

**DATOS DA EMPRESA**

CIF/NIF/NIE		
D./DNA	NIF/NIE	EN CONCEPTO (1)
NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		ENDEREZO SOCIAL
PAÍS	CONCELLO	C. POSTAL

**DATOS DA CONTA DE COTIZACIÓN**

RÉXIME	COD. PRUV.	NÚMERO	TAX. CONTR.	ACTIVIDADE ECONÓMICA
--------	------------	--------	-------------	----------------------

**DATOS DO CENTRO DE TRABAJO**

PAÍS	CONCELLO
------	----------

**DATOS DO/DA TRABALLADOR/A**

D./DNA	NIF/NIE (2)	DATA DE NACEMENTO
Nº AFILIACIÓN S.S.	NIVEL FORMATIVO	NACIONALIDADE
MUNICIPIO DO ENDEZEZO	PAÍS ENDEZEZO	

Con asistencia legal, no seu caso, de D./Dña .....  
con NIF/NIE ..... en calidade de (2) .....

**DECLARAN**

Que reúne os requisitos establecidos para a celebración do presente contrato e, na súa consecuencia, acorda formalizalo con acordo ás seguintes:

**CLÁUSULAR**

PRIMEIRA: O/a traballador/a contratado/a prestará os seus servizos como (3) ..... incluído/a no grupo profesio-  
nal de ..... para a realización das funcións(4) .....  
No centro de traballo ubicado en (rúa, nº e localidade) .....

A DISTANCIA, no enderezo ubicado en (rúa, nº e localidade) .....

**SEGUNDA: A xornada de traballo será (5):**

A tempo completo: a xornada de traballo será de ..... horas semanais, prestadas de .....  
a ..... cos descansos establecidos legal ou convencionalmente.

A tempo parcial: a xornada de traballo ordinaria será de ..... horas  ao día,  a semana,  ao mes,  ao ano  
sendo esta xornada inferior a (6): .....

A distribución do tempo de traballo será de .....  
horas complementarias .....

TERCEIRA: A duración do presente contrato estenderase desde ..... / ..... / ..... ata ..... / ..... / ..... Estabécese un período de proba de (7) .....

Cando o convenio colectivo permita unha duración maior á establecida legalmente, sháleo cun X:

CUARTA: O/a traballador/a percibirá unha retribución total de ..... euros brutos (8) ..... que se distribúen nos seguintes concep-  
tos salariais (9) .....

<http://www.xpe.es>

QUINTA: A duración das vacacións anuais será de (10) .....

SEXTA: Á finalización do contrato de obra ou servizo, eventual por circunstancias da produción e temporal de fomento do emprego para persoas con discapacidade, o/a traballador/a terá dereito a recibir unha indemnización de acordo coa Disposición Transitoria 8ª do Estatuto dos Traballadores, ou coa Disposición Adicional 1ª da Lei 43/2006.

SÉTIMA: O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e particularmente, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo RD lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, (BOE do 24 de outubro), Real Decreto 2720/1998 do 18 de decembro (BOE do 8 de xaneiro), a Disposición Adicional 1ª da Lei 43/2006, e no seu caso polo Convenio Colectivo de .....

OITAVA: O contido do presente contrato comunicárase ao Servizo Público de Emprego de ....., no prazo dos 10 días seguintes á súa concertación.

NOVENA: ESTE CONTRATO PODERÁ SER COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.

DÉCIMA: PROTECCIÓN DE DATOS: Os datos consignados no presente modelo terán a protección derivada da Lei Orgánica 15/1998 do 13 de decembro (BOE do 14 de decembro).

- 
- (1) Director/a, Xerente, etc.
  - (2) Pai, nai, titor/a ou persoa ou institución que o teña ao seu cargo.
  - (3) Indicar profesión.
  - (4) Sinalar o grupo profesional ou nivel profesional que corresponda, segundo o sistema de clasificación profesional vixente na empresa.
  - (5) Risque cun X o que corresponda.
  - (6) Indique as horas, se é inferior á dun/dunha traballador/a a tempo completo comparable, á do Convenio Colectivo ou á máxima legal.
  - (7) Respectando o establecido no art. 14.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo RD Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro (BOE do 24 de outubro).
  - (8) Diarios, semanais ou mensuais.
  - (9) Salario base e complementos salariais.
  - (10) Mínimo: 30 días naturais.



Que o CONTRATO TEMPORAL que se celebra (risque a casilla que corresponda) se realiza coas seguintes cláusulas específicas:

- |                          |  |         |
|--------------------------|--|---------|
| <input type="checkbox"/> | OBRA OU SERVIZO DETERMINADO  | páx. 4  |
| <input type="checkbox"/> | EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN  | páx. 5  |
| <input type="checkbox"/> | INTERINIDADE   | páx. 6  |
| <input type="checkbox"/> | PRIMEIRO EMPREGO XOVEN   | páx. 7  |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLADORES/AS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL, VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, DOMÉSTICA, VÍTIMAS DO TERRORISMO OU VÍTIMA DE TRATA DE SERES HUMANOS | páx. 8  |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLADORES/AS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL POR EMPRESAS DE INSERCIÓN   | páx. 9  |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLADORES/AS MAIORES DE 52 ANOS BENEFICIARIOS/AS DOS SUBSIDIOS POR DESEMPREGO   | páx. 10 |
| <input type="checkbox"/> | SITUACIÓN DE XUBILACIÓN PARCIAL  | páx. 11 |
| <input type="checkbox"/> | REVEZAMENTO  | páx. 12 |
| <input type="checkbox"/> | A TEMPO PARCIAL CON VINCULACIÓN FORMATIVA  | páx. 13 |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL/FOMENTO DO EMPREGO AGRARIO   | páx. 14 |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLADORES/AS DO SERVIZO DO FOGAR FAMILIAR   | páx. 15 |
| <input type="checkbox"/> | DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE   | páx. 16 |
| <input type="checkbox"/> | DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO   | páx. 17 |
| <input type="checkbox"/> | DE INVESTIGADORES  | páx. 18 |
| <input type="checkbox"/> | DE TRABALLADORES/AS PENADOS EN INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS   | páx. 19 |
| <input type="checkbox"/> | DE MENORES E XÓVENES EN CENTROS DE MENORES (SOMETIDOS A MEDIDAS DE INTERNAMENTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000 DO 21 DE XANEIRO)                         | páx. 20 |
| <input type="checkbox"/> | OUTRAS SITUACIÓNS  | páx. 21 |

E cumpre os requisitos esixidos na norma reguladora.



**CLÁUSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL/FOMENTO DE EMPREGO AGRARIO**

**TEMPO COMPLETO**

**CÓDIGO DE CONTRATO**

- Obra ou servizo determinado  
 Eventual por circunstancias da produción  
 Interinidade  
 Exclusión social

4	0	1
4	0	2
4	1	0
4	5	0

- Obra ou servizo determinado  
 Eventual por circunstancias  
 Interinidade  
 Outras situacións

Outras situacións

9	9	0
---	---	---

**TEMPO PARCIAL**

**CÓDIGO DE CONTRATO**

- Obra ou servizo determinado  
 Eventual por circunstancias da produción  
 Interinidade  
 Exclusión social

5	0	1
5	0	2
5	1	0
5	5	0

- Obra ou servizo determinado  
 Eventual por circunstancias  
 Interinidade  
 Outras situacións

Outras situacións

9	9	0
---	---	---

Que o contrato se realiza para interese social  para fomento do emprego agrario .

Que o/a empregador é:

Corporación Local,  Órganos da Administración Xeral do Estado,  Comunidade Autónoma,  Entidade sen ánimo de lucro,  Universidade

Datos da oferta de traballo do Programa de Emprego .....

Substituír ao/á traballador/a ..... NIF/ NIE ..... sendo a causa:

- Substituír a traballadores/as con dereito a reserva do posto de traballo
- Substituír a traballadores/as por maternidade, sen bonificación de cotas.
- Substituír a traballadores/as excedentes por coidados de familiares, sendo o/a traballador/a que substitúe ao excedente perceptor durante máis dun ano, de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial (Disposición Adicional 21ª do Real Decreto Legislativo 2/2015)
- Para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva.
- Substituír a traballadores/as en formación por traballadores/as beneficiarios/as de prestacións por desemprego.
- Substituír a traballadores/as con discapacidade que teñan suspendido o seu contrato por incapacidade temporal, contratando a persoas con discapacidade. Bonificación do 100% das cotas empresariais (DA 9ª da Lei 45/2002).
- Substituír a traballadores/as vítimas de violencia de xénero: (Síñalese o que proceda) (Lei Orgánica 1/2004)
- Que teñan suspendido o seu contrato de traballo. (Bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns).
- Que teñan exercitado o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio do centro de traballo. (Bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns durante 6 meses).
- Substituír a traballadores/as que teñan suspendido o contrato de traballo durante os períodos por:
- Maternidade
- Paternidade
- Adopción
- Acollemento preadoptivo ou permanente
- Risco durante o embarazo
- Risco durante a lactancia natural

(Bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social. RD Lei 11/1998)

O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que lle resulte de aplicación e particularmente, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, e polo Real Decreto 2.720/1998 do 18 de decembro (BOE do 8 de xaneiro), e no seu caso, polo establecido na Disposición adicional novena e transitoria sexta da Lei 45/2002 do 12 de decembro (BOE do 13 de decembro) e pola Lei 43/2006 do 29 de decembro (BOE do 30 de decembro). Así mesmo lle será de aplicación o disposto no Convenio Colectivo de .....

## CLÁUSULAS ADICIONAIS

E para que conste, esténdese este contrato por triplicado exemplar no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas.  
En ..... a ..... de ..... de 20 .....

O/a traballador/a

O/a representante  
da empresa

O/a representante legal  
do/da menor, se procede

**\*IMPORTANTE**  
(TODAS AS PÁXINAS CUMPRIMENTADAS DESTE CONTRATO DEBERÁN IR ASINADAS NA MARXE ESQUERDA PARA MAIOR SEGURIDADE XURÍDICA)



Anexo V

\_LDnombcomp  
\_LDdireccion  
\_LDcodpost \_LDlocalidad  
\_LDprovincia

**Nº EXPEDIENTE : \_LDexpedcomp**

Vista a solicitude presentada o \_LDentrada por \_LDrepresent, en nome e representación da entidade \_LDnombcomp (C.I.F. num. \_LDcif), coa finalidade de solicitar a utilización de oferta especial con vinculación nominal dos/as traballadores/as de acordo co establecido no artigo 12.6º da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 e nas Instrucións relativas ás subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, o xefe/a da xefatura territorial

**AUTORIZA**

A realizar oferta especial (con vinculación nominal) para a selección e contratación de .... mulleres vítimas de violencia e/ou integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, para a realización da obra ou servizo denominado “\_LDobxecto”:

Esta autorización terá efectos a partir do día seguinte da súa recepción tendo en conta que o proceso de selección e contratación dos desempregados e desempregadas baixo esta modalidade deberá respectar, en todo caso, o establecido nos artigos 12º e 13º da orde e que as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas á vista da mesma.

\_LDlugar e data

**A/O XEFA/O TERRITORIAL**

\_LDfirma



## Anexo VI

\_LDnombcomp  
\_LDdireccion  
\_LDcodpost \_LDlocalidad  
\_LDprovincia

Examinada a solicitude presentada por \_LDrepresent en representación da entidade \_LDnombcomp (C.I.F. num. \_LDcif) referente á subvención para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social ao abeiro dos programas de Cooperación presentada en Sede Administrativa da Xunta de Galicia, en data - \_LDentrada

Este/-a xefe/-a territorial no exercizo das competencias que lle atribúe o artigo 11º.1 da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (DOG núm.248, do 30 de decembro de 2015) e con base no artigo 89.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE núm. 285, de 27 de novembro de 1992), por delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria

### RESOLVE

A inadmisión da solicitude presentada por \_LDrepresent en representación da entidade \_LDnombcomp (C.I.F. num. \_LDcif) por non presentarse dentro do prazo establecido polo artigo 6º.4 da citada Orde do 29 de decembro de 2015.

Esta resolución esgota a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes computado desde o día seguinte á súa notificación, ou presentar directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

\_LDlugar e data

**O/A XEFE TERRITORIAL**

\_LDfirma





MODELOS XUSTIFICATIVOS PAGAMENTO



### CERTIFICADO DE RETRIBUCIÓNS

Nº EXPEDIENTE TR351A 2016/.....

D/Dña.: ....., DNI:..... Secretario/a do entidade/concello de:  
....., co CIF:.....

**CERTIFICA**

- Que o convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van a contratar na execución da obra ou servizo subvencionado é o seguinte:  
....., publicado no BOE/DOG de....., e que conforme ao mesmo, o salario a abonar aos traballadores é, en **importe mensual**, o da seguinte táboa:
  
- Que esta entidade non ten convenio colectivo que lle resulte de aplicación aos traballadores desempregados que se contraten na execución da obra ou servizo subvencionado, polo que o salario a abonar aos traballadores, en **importe mensual**, é o da seguinte táboa:

DATOS TRABALLADOR/A		CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS		
NOME DO TRABALLADOR/A	GRUPO COT. SS	SALARIO BRUTO (inc. plusas salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (A)	CNAE 2009(4 díxitos)/ OLI / OCUPACIÓN (tarifa 2010)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)	MESES	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses)
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>				<b>0,00</b>			<b>0,00</b>	<b>0,00</b>		<b>0,00</b>

(1) Neste apartado consignaranse as retribución salariais brutas subvencionables.  
 (2) Neste apartado consignaranse a cotización EMPRESARIAL á Seguridade Social, tendo en conta as porcentaxes establecidas na Orde ESS/70/2016, de 29 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social (BOE de 30 de xaneiro de 2016).

E para que conste expido o presente certificado en .....a.....de.....de 2016.

Asdo.: .....

Vº e prace  
O Alcalde/as – Presidente/a

.....



**CERTIFICADO DA SELECCIÓN**

**Nº EXPEDIENTE TR351A 2016/.....**

**D/Dna.:** ....., **DNI:**..... secretario/a da entidade/ concello de:....., co CIF:.....

**CERTIFICA**

Que presentou unha oferta de emprego de acordo cos criterios establecidos polo artigo 12 da Orde do 29 de decembro de 2015, co obxecto de cubrir o posto de traballo que se subvenciona para a realización da obra ou servizo denominado.....

Que a relación de demandantes de emprego inscritos nos Servizo Público de Emprego de Galicia, remitidos pola oficina de emprego mediante oferta xenérica de emprego Nº **2016/:**..... foron:

APELIDOS E NOME

Que, tendo en conta as funcións que deberá prestar a persoa que se vai contratar, acordou seleccionar a:

APELIDOS E NOME

**En,.....a.....de.....de .....**

Vº e prace  
 O Alcalde/sa - Presidente/a

Asdo.:.....

Asdo.:.....



ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS**

Nº EXPTE. TR351A 2016/.....

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF



**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF





**DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Sí solicitou e se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

Organismo/sociedade/entidade pública á cal lle foi solicitada a axuda	Descrición da axuda e concepto (salarial ou outros)	Estado(1)	Importe (€)	Financiamento europeo: Si/Non

(1) No caso de estar pendente da resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes concedidas, indicárase CONCEDIDA.

2. Que o conxunto de axudas **NON** supera o 100% do custo total en concepto de custos salariais e de Seguridade Social relativos á contratación dos traballadores contratados para a realización do servizo subvencionado no expediente de referencia.

3. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



DOCUMENTO DE INFORMACIÓN AO TRABALLADOR DA SUBVENCIÓN

ENTIDADE:.....

Nº DE EXPEDIENTE: TR351A 2016/.....

D./Dna.(traballador/a).....,  
 infórmolle que a contratación temporal formalizada con vostede o  
 día....., foi subvencionada pola Consellería de Economía,  
 Emprego e Industria, mediante resolución de data.....

Ademais, o traballador/a citado/a manifesta, no momento da contratación, estar **desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e que non foi contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de traballadores desempregados,** nos termos establecidos polo artigo 12º punto 1 e 2 da Orde de 29 de decembro de 2015 (DOG nº 248, do 30 de decembro de 2015).

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no expediente citado, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.*

En....., a ..... de ..... de.....

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

O TRABALLADOR/A

Asdo:.....

Asdo:.....



DOCUMENTO DE INFORMACIÓN AO TRABALLADOR DA SUBVENCIÓN

ENTIDADE:.....

Nº DE EXPEDIENTE: TR351A 2016/.....

D./Dna.(traballador/a)....., infórmolle que a contratación temporal formalizada con vostede o día....., de acordo co procedemento establecido no artigo 14º da orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, está subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Ademais, o traballador/a citado/a manifesta, no momento da contratación, estar **desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e que non foi contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de traballadores desempregados,** nos termos establecidos polo artigo 12º punto 1 e 2 da Orde de 29 de decembro de 2015 (DOG nº 248, do 30 de decembro de 2015).

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no expediente citado, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.*

En....., a ..... de ..... de.....

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

O TRABALLADOR/A

Asdo:.....

Asdo:.....



ROUPA DE TRABALLO

Roupa de traballo xeral serigrafiada a 3 tintas (dorso)





ROUPA DE TRABALLO ESPECÍFICA SOCORRISTAS (PEITOURAL OU DORSO)

